

en materias non reservadas polo Estatuto á competencia normativa da Asemblea Rexional.

O Consello de Goberno está facultado para interpoñer recurso de inconstitucionalidade de acordo co previsto no artigo 162.1, a), da Constitución, e o artigo 32.2 da Lei orgánica do Tribunal Constitucional, así como para suscita-los conflitos de competencia que opoñan á Rexión co Estado ou con outras comunidades autónomas de acordo co disposto no artigo 161.1, c), da Constitución, e nos artigos 59 e seguintes da Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

2. O Consello de Goberno está composto polo presidente, o vicepresidente, se é o caso, e os conselleiros, que o presidente nomea e separa libremente.

3. O Consello de Goberno actuará sempre con absoluto respecto ós principios de legalidade e xerarquía normativa. As súas disposicións e resolucións serán obxecto de publicación no "Boletín Oficial de la Región de Murcia".

4. No non previsto neste estatuto, unha lei da Asemblea, aprobada co voto favorable da maioría dos seus membros, regulará a organización e as atribucións do Consello de Goberno, así como o estatuto persoal dos seus membros.»

«Artigo 46.

1. Correspóndelle ó Consello de Goberno a elaboración do orzamento da Comunidade Autónoma e á Asemblea Rexional, o seu exame, emenda, aprobación e control.

2. O orzamento terá carácter anual, axustará a súa periodicidade á dos orzamentos do Estado e será presentado polo Consello de Goberno á Asemblea cunha antelación mínima de dous meses á data de inicio do correspondente exercicio.

3. Nel incluíranse a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades integrantes da Comunidade Autónoma e consignarase igualmente o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos correspondentes a esta.

4. O orzamento da Comunidade Autónoma será elaborado con criterios homoxéneos, de forma que sexa posible a súa consolidación cos orzamentos xerais do Estado.

5. Se a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma non fose aprobada antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, quedará automaticamente prorrogada a do exercicio anterior ata a aprobación do novo.»

Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

14062 LEI ORGÁNICA 2/1998, do 15 de xuño, pola que se modifican o Código penal e a Lei de axuízamento criminal. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A denominada violencia na rúa constituíuse nun dos fenómenos máis relevantes para a convivencia cidadá durante os últimos anos. Os medios de comunicación e os máis diversos foros de reflexión e debate político e social deixaron constancia da gravidade desta nova forma de terrorismo, dada a súa extraordinaria capacidade para altera-la paz social. Por outra banda, ese impacto social viuse acentuado pola sensación, amplamente estendida, da impunidade coa que viñeron actuando os seus responsables, nos que concorria moitas veces a condición de seren mozos en proceso de formación.

A resposta das institucións democráticas a este fenómeno deberá ser necesariamente multidireccional, serena e axustada. Só deste xeito resultará amplamente compartida, compatible co escrupuloso respecto das liberdades públicas e, en definitiva, eficaz para preservar a pacífica convivencia dos cidadáns. Consecuentemente, esa resposta debe ter en conta o impulso da educación nos valores democráticos, o fomento das medidas que faciliten a inserción dos mozos no tecido socioeconómico e laboral e a perfección dos sistemas de prevención e investigación dos corpos de policía. Pero tampouco debe descoidarse a necesidade de completar e axustar as normas reguladoras da actuación do sistema punitivo.

Estas medidas lexislativas atenden xustamente a este último aspecto. Non debe imputárselles, polo tanto, desdén ou esquecemento de medidas doutra índole. Tampouco teñen pretensión de exhaustividade no propio plano normativo. Son, simplemente, o resultado dunha reflexión atenta á experiencia práctica e elaborada coa mirada posta no obxectivo de logralo máis amplo consenso posible.

II

Deste xeito, os partidos políticos democráticos presentes no Pacto de Madrid acadaron un amplo acordo para levar a cabo reformas concretas do Código penal e da Lei de axuízamento criminal que lles proporcionen ós xuíces e maxistrados instrumentos máis claros e efectivos para defende-los dereitos e liberdades dos cidadáns fronte ás agresiones derivadas da violencia na rúa, claramente reprobables nunha sociedade democrática, e ás que, sen embargo, non lles resultan aplicables as previsións legais relativas ós delitos de terrorismo que contén o novo Código penal (sección segunda do capítulo V do título XXII do seu libro II).

Estas reformas constitúen unha posición común dos partidos políticos democráticos presentes no Pacto de Madrid, co propósito de lograr unha máis efectiva garantía dos dereitos e liberdades dos cidadáns, ameazados por aquelas conductas de violencia e intimidación na rúa.

III

O Código penal vixente, aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, é unha obra recente da que non se deben modificar agora os presupostos. Non se efectúa, por iso, ningunha derogación, nin cambio ningún das solucións normativas propostas nel. O obxecto da presente reforma límitase, así, a complementa-las regulacións xa vixentes, facendo máis clara e efectiva a defensa dos dereitos e liberdades dos cidadáns, nos casos en que se ven ameazados pola actuación dos grupos violentos ou as persoas do seu contorno.

Deste xeito, a reforma do Código penal que se vén introducir consta das seguintes catro innovacións:

a) A incorporación, como novo número 4 do artigo 514, dun precepto que sancione especificamente a celebración de actos que impidan ou perturben gravemente o desenvolvemento dunha reunión ou manifestación lícita (actos dos que son paradigma as denominadas contra-manifestacións).

A necesidade desta previsión legal parece evidente, xa que, aínda que a Constitución recoñece e ampara os dereitos de reunión e manifestación (dos que a regulación se contén na Lei orgánica 9/1993, do 15 de xullo), é notorio que existen aínda casos nos que os cidadáns non poden reunirse nin manifestarse libremente, xa que o exercicio destes dereitos cívicos se condiciona, restrinxe ou anula, segundo os casos, polas ameazas, coaccións ou actos de violencia que individuos intolerantes efectúan contra eles.

En garantía destes dereitos democráticos definiuse este novo delito, que é unha plasmación específica das coaccións lesivas de dereitos fundamentais sancionadas no segundo parágrafo do artículo 172 do Código penal vixente (respecto do que é tipo especial), e co que se recupera, aínda que de xeito máis matizado e flexible, unha regulación que se incorporou ó noso Código penal, por vez primeira, coa Lei orgánica 4/1980, do 21 de maio, de reforma do Código en materia de delitos relativos ás liberdades de expresión, reunión e asociación.

b) A introducción, como novo número 5 do artigo 514, dun precepto específico que tipifique a convocatoria e a celebración de reunións ou manifestacións previamente suspendidas ou prohibidas, sempre que nelas concorran finalidades que coincidan coas que son propias das bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas.

Este precepto concreta, para o caso das reunións e manifestacións máis perigosas, o delito de desobediencia xenérica do artigo 556 do Código vixente, aínda que coas importantes precisións que a seguir se expresan. O propósito do legislador é, en efecto, limita-la sanción penal, de conformidade cos principios de fragmentariedade e última «ratio» propios deste ordenamento, ás conductas máis graves. Por iso se limita a sanción penal, en primeiro lugar, ós actos de convocatoria ou celebración de reunións ou manifestacións previamente suspendidas ou prohibidas, que son aquelas nas que, segundo explicita a Lei orgánica reguladora do dereito de reunión, «existen razóns fundadas de que poden producirse alteracións da orde pública, con perigo para persoas ou bens». E, en segundo lugar, o tipo límitase, aínda dentro destas, a aquelas reunións ou manifestacións específicas nas que concorran as finalidades propias e características das bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas, segundo resulta das expresións coas que se delimita ese ánimo tendencial típico («subverte-la orde constitucional ou alterar gravemente a paz pública»). Estas expresións, en efecto, describen moi precisamente, tanto

no Código penal de 1995 (así se empregan de maneira directa nos artigos 571 e 577 e, por referencia, nos artigos 574 e 575), como na literatura científica e a xurisprudencia española, o ánimo tendencial propio e característico da delincuencia terrorista, xa que «subversión da orden constitucional» significa (gramaticalmente, pero tamén por interpretacións históricas, contextuais e mesmo de dereito comparado) a destrución violenta do Estado democrático e das súas institucións, mentres que «alterar gravemente a paz pública» supón unha situación cualitativamente distinta (pola súa específica gravidade) da alteración da orde pública sancionada penalmente, de tal maneira que se poñan en cuestión os propios fundamentos da convivencia democrática.

c) A ampliación do ámbito de persoas protexidas fronte ás ameazas terroristas no artigo 170 do Código penal vixente, que pasa a se converter no número un deste artigo. No seu texto vixente, este precepto establece unha punición específica para as ameazas que se dirixen «a atemoriza-los habitantes dunha poboación, grupo étnico, ou a un amplo grupo de persoas», e tivesen a gravidade suficiente para iso. Encádranse aquí, especificamente, as ameazas terroristas dirixidas a colectivos.

Preténdese coa reforma detalla-los ámbitos máis significativos de protección deste precepto, especificando que é obxecto desta tutela calquera agrupación, colectivo ou conxunto de persoas ós que se ameace xenéricamente, coa gravidade necesaria para conseguilo, e con indeterminación da persoa concreta en que puidese actualizarse o contido da ameaza.

d) A creación dun segundo punto no artigo 170, no que se sanciona o reclamo público de accións violentas por parte de bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas, e co que se pretende cubrir un ámbito de impunidade detectado entre as ameazas (que non se aplican ás xenéricas ou de suxeito pasivo indeterminado) e a apoloxía (que, na concepción do Código penal de 1995, só se castiga como forma de provocación a un delito específico), de inescusable atención.

En efecto, unha das finalidades prioritarias dos violentos é a atemorización da sociedade, para o cal reiteran actos de desordes públicas, violencia na rúa, intimidacións e ameazas. Fronte á gran maioría destes actos, o Código penal outórgalle á sociedade protección abunda, o que non pode dicirse respecto dalgúns comportamentos xenéricos de intimidación que se levan a cabo mediante o anuncio ou reclamo de actuación de grupos terroristas, intimidacións que se sitúan tecnicamente entre a ameaza e a apoloxía, sen corresponderse estritamente con ningunha destas figuras delictuosas.

IV

O contido desta lei inclúe tamén dúas reformas específicas da Lei de axuízamento criminal, dirixidas a intensifica-la aplicabilidade dos xuízos rápidos na orde penal, aínda que en ámbitos xa previstos pola lei. Deste xeito, dispónse a modificación dos puntos segundo e terceiro do artigo 790.1 daquela lei, para impor trámites abreviados en casos nos que, ata agora, só eran facultativos. Saliéntase así a decidida vontade do legislador de axiliza-los procesos penais, no convencemento de que unha xustiza máis rápida se adecua mellor ós seus fins constitucionais e atende máis cumpridamente os intereses sociais.

Artigo primeiro.

Engádeselle un novo número 4 ó artigo 514 do Código penal, nos seguintes termos:

«4. Os que impediren o lexítimo exercicio das liberdades de reunión ou manifestación, ou perturbaren gravemente o desenvolvemento dunha reunión ou manifestación lícita serán castigados coa pena de prisión de dous a tres anos ou multa de doce a vinte catro meses se os feitos se realizaren con violencia, e coa pena de arresto de sete a vinte catro fins de semana ou multa de seis a doce meses se se cometeren mediante vías de feito ou calquera outro procedemento ilexítimo.»

Artigo segundo.

Engádeselle un novo número 5 ó artigo 514 do Código penal, nos seguintes termos:

«5. Os promotores ou directores de calquera reunión ou manifestación que convocaren, celebren ou intentaren celebrar de novo unha reunión ou manifestación que fose previamente suspendida ou prohibida, e sempre que con iso pretendesen subverter a orde constitucional ou alterar gravemente a paz pública, serán castigados coas penas de prisión de seis meses a un ano e multa de seis a doce meses, sen prexuízo da pena que puidese corresponder, se é o caso, conforme os números precedentes.»

Artigo terceiro.

Modifícase o artigo 170 do Código penal, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Se as ameazas dun mal que constituír delito fosen dirixidas a atemorizar aos habitantes dunha poboación, grupo étnico, cultural ou relixioso, ou colectivo social ou profesional, ou a calquera outro grupo de persoas, e tivesen a gravidade necesaria para conseguilo, imponense respectivamente as penas superiores en grao ás previstas no artigo anterior.

2. Serán castigados coa pena de arresto de sete a dezoito fins de semana, ou multa de seis a doce meses, os que, coa mesma finalidade e gravidade, reclamen publicamente a comisión de accións violentas por parte de bandas armadas, organizacións ou grupos terroristas.»

Artigo cuarto.

Modifícase o parágrafo segundo do artigo 790.1 da Lei de axuízamento criminal, que queda redactado nos seguintes termos:

«Non obstante, así que o xuíz de Instrucción considere que existen elementos abondos para formular a acusación por se teren practicado, se é o caso, as dilixencias a que se refire o número 3 do artigo 789, o traslado das actuacións ó Ministerio Fiscal e partes acusadoras efectuarase de forma inmediata, incluso no propio servizo de garda do Xulgado de Instrucción.»

Artigo quinto.

Modifícase o parágrafo terceiro do artigo 790.1 da Lei de axuízamento criminal, que queda redactado nos seguintes termos:

«Efectuado o traslado a que se refire o parágrafo anterior, o Ministerio Fiscal, en atención ás circuns-

tancias de flagrancia ou evidencia dos feitos, alarma social producida, detención do imputado ou aseguramento da súa posta á disposición xudicial, presentará no acto o seu escrito de acusación e solicitude de inmediata apertura do xuízo oral, con citación simultánea para a súa celebración.»

Disposición adicional única.

Os artigos 4 e 5 da presente lei teñen carácter de lei ordinaria.

Disposición derradeira única.

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 15 de xuño de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

14063 LEI ORGÁNICA 3/1998, do 15 de xuño, de modificación da Lei orgánica do réxime electoral xeral. («BOE» 143, de 16-6-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia da conveniencia política de reducir os excesivos gastos xerados polas convocatorias electorais, a Lei orgánica 13/1994, do 30 de marzo, modificou diversos artigos da Lei orgánica de réxime electoral xeral (LOREX), incorporando unha serie de medidas dirixidas a minorar directa ou indirectamente os gastos das campañas.

A periodicidade fixada legalmente para a celebración das eleccións municipais e autonómicas, comprendidas no artigo 42.3 da LOREX, e das eleccións ó Parlamento Europeo fai que en determinados anos coincidan nun breve espazo de tempo as convocatorias duns e outros procesos electorais, o que provocaría un solapamento das súas respectivas campañas e practicamente duplicaría, de maneira innecesaria, o custo delas, tanto as institucionais como das entidades políticas concorrentes.

Así, no ano 1999 producirase a coincidencia destes procesos electorais, as datas de celebración dos cales corresponderían ó 23 de maio e ó 13 de xuño, respectivamente.

Por todo iso, faise necesario acomete-la correspondente reforma da Lei orgánica do réxime electoral xeral que permita a acumulación e celebración conxunta das ditas eleccións naqueles anos nos que coincidan os citados procesos electorais.